

Causa Galiza convoca manifestación para o 25 de Xullo

NOS :: 15/07/2020

Causa Galiza convoca máis un ano a tradicional manifestación independentista do Día da Patria, mobilización que organiza desde 2007 e que este ano desenvolverase baixo unha serie de normas e criterios de seguridade sanitaria por mor da pandemia da Covid-19. Máscara ou distancia de seguridade son algunhas desas normas. A formación independentista sinala que “arbitrará” os medios “necesarios” para o cumprimento das mesmas.

‘Mais independentismo para fazer frente à crise’ é o lema escollido por Causa galiza para a manifestación deste 25 de Xullo. A independencia, indican, como “solución estratégica à tentativa dos poderes fáticos de carregar as consecuencias da pandemia nas costas das classes populares e reconfigurar o regime surgido da Transición, bloqueando, de novo, o exercicio do direito de autodeterminação e impondo um novo ciclo estatutário”.

A convocatoria vai acompañada dunha campaña informativa con asembleas abertas e reparto de máis de 2.000 cataces. “De Causa Galiza animamos os e as independentistas a participardes tanto na socialización da convocatória como na propia manifestación do Día da Pátria, facendo da data mais um passo na construción do projeto político de rutura com Espanha”.

https://www.lahaine.org/mm_ss_est_esp.php/causa-galiza-convoca-manifestacion-para